
REWIND

Texto de JUAN TALLÓN

Ilustración de cuberta de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 264 páx. 18 €. ISBN 978-84-19213-21-1. Narrativa K. Faktoría K.


Nada é igual ao esplendor dos comezos. A memoria fixa cada un dos seus instantes, como se a vida pura e dura tamén se organizase en fotogramas, e cando transcorre o tempo fai que aínda sintas a admiración e a estrañeza de todo o que viviches tal ou cal día. Ninguén lembra a segunda vez, a terceira, a quinta, a enésima, cando a beleza orixinal é substituída pola mera repetición.

Paul comparte piso no centro de Lion con outros tres estudantes:

Ilke, Marco e Emma. Alí gozan da independencia, a liberdade e dun estado de festa perpetua. Ata que un venres pola noite todo salta polos aires. Tras unha explosión inesperada, o piso queda derrubado e o mundo xa non volverá a ser o mesmo. A partir desta traxedia, superviventes e testemuñas reconstrúen o momento, revelando a fragilidade da vida, e a dificultade para superar a recorrente vivencia que asalta ás vítimas.

Cun maxistral sentido do equilibrio e da mesura narrativa, Juan Tallón crea cunha combinación fascinante de ficción e realidade con múltiples voces que conseguen que esta historia complexa se converta nunha experiencia literaria engaiolante.

www.**kalandraka**.com
comunicacion@kalandraka.com



-
- **Temática:** dó, superación da morte, memoria, amizade, xuventude.
 - **Destinatarios:** lectores adultos.
 - **Aspectos destacables:** relato coral, reflexión sobre a traxedia, o azar e a capacidade humana para seguir adiante.
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/rewind-g>
-

Juan Tallón

(Vilardevos, Ourense, 1975)

Licenciado en Filosofía na Universidade de Santiago de Compostela. Xornalista de profesión, escribiu en medios de comunicación como *El Progreso*, *El País*, *Jot Down* ou na *Cadena SER*. Gañou o VI Premio de Novela Pastor Díaz coa súa primeira novela. «A autopsia da novela» (2007). En galego tamén publicou outras obras como «A pregunta perfecta (O caso Aira-Bolaño)» (2010), ou «Fin de poema» (2013), coa que gañou o Premio de Novela Curta Lueiro Rey. En castelán publicou «El váter de Onetti» (2013), «Salvaje Oeste» (2018), «Rewind» (2020) e «Obra maestra» (2022).